

O trasto

maio 2009-10

AO LONGO DA VIDA PERDEMOS

CERTAS
COUSAS,
ENTRE
ELAS,
A INFANCIA
OU
A INOCENCIA



ALGUNHAS
PERSOAS
PERDENO
CASE TODO.



PERO HAI COUSAS
QUE XAMAIS
NOS PODEMOS
PERMITIR PERDER,
COMO A CORDURA,

SENÓN,
¿QUE VAI
QUEDAR
DE NÓS?



NON Á
VIOLENCIA
DE XÉNERO!

NON Ó
MALTRATO
INFANTIL!



LES "ÁLYARO GUNQUEIRO"

INDICE

<i>Editorial / Índice</i>	2
<i>Uxío Novoneyra</i>	3-5
<i>As clases perdedoras no ensino</i>	6-7
<i>Matriculado na euforia ...</i>	8
<i>As redes sociais</i>	9
<i>Cómic</i>	10
<i>Clubs de lectura</i>	11
<i>A música galego no "Álv. Cunqueiro"</i>	12
<i>Ruta de "A esmorga"</i>	13
<i>Teatro no instituto</i>	14-15
<i>Fotos de 2º de bacharelato</i>	16-17
<i>Premios do Día das Letras Galegas</i>	18-20
<i>Novas da lingua</i>	21-25
<i>Expisición de selos</i>	26
<i>O entroido</i>	27
<i>Premios do día do libro</i>	28-29
<i>Actividades do instituto</i>	29-30
	<i>contraportada</i>
	<i>portada</i>

Editorial

INSEGURIDADE XURÍDICA E INDEFENSIÓN LEGAL

Sabemos cales van ser as consecuencias da política lingüística que segue o actual goberno da Xunta: aumentar, se tal cousa é posible, a desprotección ante a lei dos galegofalantes. Como se pode comprobar polo avanzado nas "Bases para a elaboración do decreto de plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia" dado a coñecer en decembro de 2009 (cfr. na páxina 23 desta revista un breve resumo dos seus principais aspectos), o reparto de materias en galego e castelán queda pendente dunhas vagas consultas ás familias dos alumnos -nin sequera o conselleiro de educación sabe dicir a día de hoxe se son ou non vinculantes- e

tamén das cambiantes decisións do consello escolar de cada centro. Ante tal perspectiva, como programar a longo prazo a lingua en que desenvolverá a actividade dos departamentos? Que editorial se vai aventurar á publicación de libros de texto en galego?

Vén de seu que a desregulación que o decreto que a actual Xunta nos propón só pode beneficiar a lingua que parte dunha situación de vantaxe. A semellante política lingüística non se lle pode apoñer desleixo no seu proceder. Servirá para que ninguén no ensino se sinta afectado por ningún tipo de regulamento ou lei. A maioría dos funcionarios do ensino seguirán facendo o que a máis cómodo lles resulte sen importarlles en absoluto a lección de irresponsabilidade que cada día lles dan aos seus alumnos en relación aos dereitos lingüísticos dos galegofalantes. Que se lle pode contestar a un alumno que lle pregunta ao seu profesor de galego por que razón a súa materia, a de lingua e literatura galegas, é a única en que recibe clase? A quen dirixirse para que se cumpra a lei, a que sexa, tanto ten a porcentaxe de materias que se lle asigne a cada lingua? Non se dan conta eses profesores que entre os seus alumnos hai galegofalantes, fillos de galegofalantes, que se senten cohibidos polo seu acomodaticio e descarado incumprimento da lei? Falamos, claro está, deses profesores que, no caso de que se lles chamase a atención ao respecto, se sentirían ofendidos e escandalizados polo que consideran un atentado aos seus dereitos individuais cando o único que se lles reclama é o cumprimento das súas obrigacións de funcionarios públicos, xustamente esas polas que reciben un soldo.



DÍA DAS LETRAS GALEGAS

UXÍO NOVONEYRA (1930-1999).



Vida:

Fillo de campesiños, a súa vida transcorre na montaña do Courel, o referente paisaxístico de toda a súa obra poética.

Cursa o bacharelato en Lugo onde é compañeiro do poeta Manuel María e matricúlase na Facultade de Letras de Madrid. Durante os anos de universitario coñece a importantes persoeiros galeguistas como Ramón Piñeiro, Otero Pedrayo e Maside.


Por motivos de saúde vivirá durante dez anos no Courel e é daquela cando escribe "Os eidos" (1955) e "Elexías do Courel" (1966).

Entre 1962 e 1966 traballará en Madrid, en radio e televisión, onde trabala amizade con Raimundo Patiño e forma parte do grupo Brais Pinto.

Ao paisaxismo intimista que constitúe o cerne da súa obra poética, engádesse a poesía civil que proba a partir de 1969 con "Viet Nam canto" e "Letanía de Galicia" incorporándose así á corrente socialrealista, que predomina naqueles anos na poesía galega. Con todo, en 1974 publica unha continuación do seu principal libro, "Os eidos 2".

Máis adiante, as súas publicacións irán espaciándose: "Poemas caligráficos" (1980), "Muller para lonxe" (1986) e "Poemas da doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras" (1994).

Na poesía de Novoneyra, que destaca pola súa concisión e a brevidade, a natureza e o home manteñen unha relación de íntima identificación, un xeito de integración cósmica, que se demora nos aspectos máis sombríos e trágicos da existencia. Destaca o recurso do fonosimbolismo, consistente na asociación arbitraria de determinados sons con certas emocións.



"Uxío Novoneyra deixounos en Os eidos unha estremecida representación de si e das súas montañas nativas do Caurel. O poeta, en pura soidade diante da natureza, é un finísimo resoador no que percute cada cousa de fóra... Poesía esencial, espello do cosmos"

"En Elexías do Caurel a imaxe prégase non xa sobre a apertura contemplativa, seón sobre algunha idea cívica, social, moral. O poeta é un vate que comparece na asemblea comunal e clama pola patria, pola liberdade. Os seus poemas aparecen castigados, espidos, quintaesenciados. O silencio que hai por tras das verbas amplifica estas con ecoares anseiosos e líricos"

(De Pondal a Novoneyra de X.L. Méndez Ferrín)

"Polo que respecta á súa poética, sobresa e como un dos trazos básicos a tentativa de ir máis alá da escrita, arredándose da tradición libresco para conectar coa poesía popular aínda viva e cos actos creativos totalizadores propios das culturas primitivas, reivindicados por unha certa vangarda artística como a action painting, a arte en proceso, a corporal e todo tipo de happenings. Deste principio integrador deriva sen dúbida a súa poética da fala, isto é, a creación baseada no acto oral, posto que se trata dunha poesía para ser dita e ouvida, que extrema a expresividade literaria dos recursos fónicos da linguaxe"

(De Uxío Novoneyra de Carmen Blanco).

POEMAS DE UXÍO NOVONEYRA

COUSOS DO LOBO

*Cousos do lobo!
Caborcos do xabarín!
Eidos solos
Onde ninguén foi nin ha de ir!*

O lobo! Os ollos o lombo do lobo!

*Baixa o lobo polo ollo do bosco
Movendo nas flairas dos teixos
Ruxindo na folla dos carreiros
En busca da vagoada máis sola
/e máis medosa...*

*Rastrexo
Parase e venta
Finca a pouta ergue a testa e oula
Ca noite na boca...*

Un recordo

Recordo a guerra, quizais porque veu mesturada coa infancia, como un período plenísimo... Lembro -e creo que foi unha cousa non me pasou a min só, pasou en moitas partes, non só en Galicia, en España, levar unha prenda vermella supuña automaticamente unha represión. Á miña nai mandáronlle que me quitase o xerse vermello e non mo quitou. E entón ao viren unha vez á feira os falanxistas colléronme -que tería?, tería sete anos- e cunha navalla racháronmo riba da mesma pel. Levaron o xerse e creo que botaron un discurso na vila. Iso me dixeron.



ANDA O VENTO CEIBE

*Anda o vento ceibe polos eidos
Con todas as ás soltas
Brúa nos castiñeiros
Ripa as lousas dos teitos
E escachafoula nas portas...*



VENDO E OUVINDO O RÍO

*Vendo e ouvindo o río
Vaise o tempo sen sentilo.*

*Nace a auga so as abrairas
Entre as penas sombrizas
Roxe e baixa
De pincheira en pincheira
E corre entretecida...*

*Esta auga da presa
Son eu ou é ela?*

*GALICIA labrega GALICIA nosa
GALICIA mariñeira GALICIA nosa
GALICIA obreira GALICIA nosa*

*GALICIA irmandiña
GALICIA viva aínda*

UXÍO NOVONEYRA E A MÚSICA.



Uxío Novoneyra forma parte dos quince autores máis gravados da música galega, se ben é certo que a considerable distancia doutros como Rosalía de Castro ou Celso Emilio Ferreiro que son os que saen nun maior número de gravacións. Localizamos até nove gravacións en sete diferentes discos que dan para un monográfico, monográfico polo demais aínda inexistente na discografía galega, nin sequera no ano en que se lle dedica o Día das Letras Galegas. O feito de localizar tales cancións é un xeito que facilita o achegamento do alumnado ao poeta e máis á música galega.

A primeira gravación aparece no disco "Estamos chegando ao mar" de Bibiano. "Amador e Daniel", o poema elixido, posúe un toque fúnebre que lembra a morte de dous obreiros na folga de 1972 en Ferrol. O tema inclúe curiosas incursións de sons distorsionados propios de músicas coma o rock. Reflicítese aquí a temática social e política da obra de Novoneyra.

No mesmo ano, en 1976, outro compoñente de Voces ceibes, Miro Casabella, inclúe unha brevísima poesía. Un pano de fondo de varias gaitas cunha nota pedal consegue un efecto de tensión e forza.

Outro cantautor, Suso Vaamonde, vencellado tamén á canción protesta galega, edita en 1978 unha canción co poema "Letanía de Galicia", coa curiosidade de usar a idea da fe en Galicia e unha virtual oración a xeito de rosario que o cantante debulla alternando coa resposta dun coro que representa o pobo galego.

Ao seguinte ano é Pilocho quen decide abrir o seu primeiro disco co poema "A fiandeira", un bo exemplo da poesía do principal libro de Uxío Novoneyra, "Os eidos".

Seguirían logo os discos de Emilio Cao, que musicaría nun só disco tres poemas de Novoneyra, a medio camiño entre o pop e o folk; e tamén o de Paco Campos e o do grupo Na Virada.

Nove poemas musicalizados de Novoneyra na música galega

ANO DE EDICIÓN	TEMA-POEMA	ÁLBUM	ARTISTA/GRUPO
1976	AMADOR E DANIEL	ESTAMOS CHEGANDO Ó MAR	BIBIANO
1976	COMENZO DE CANTO	TI GALIZA	MIRO CASABELLA
1978	LETANÍA DE GALICIA	LIMIAR	SUSO VAAMONDE
1979	A FIANDEIRA	PILOCHA	PILOCHA
1986	AMIGA ALBA E DELGADA	AMIGA ALBA E DELGADA	EMILIO CAO
1986	CAIN AS FOLLAS	AMIGA ALBA E DELGADA	EMILIO CAO
1986	QUEN NA OUTA TARDE	AMIGA ALBA E DELGADA	EMILIO CAO
1997	SOÑAR	LAURA OLLOS DE AUGA	PACO CAMPOS
2002	NO BICARELO	RULADA DAS CANTIGAS	NA VIRADA


AS CLASES PERDEDORAS NO ENSINO.

En España, os fillos de pais con formación académica universitaria acostuman a sacar o bacharelato e a universidade nunha porcentaxe grande. Isto débese a que, ao ser fillos de pais formados, tenden a imitar a seus pais e a seguir o que eles lles din. Aínda que ter títulos universitarios non garante ter bos traballos con bos soldos, o certo é que en xeral soe ser bastante máis frecuente.

Pola contra, entre os estudantes cuxos pais teñen pouca ou nula cualificación e formación académica, as porcentaxes dos que aproban o bacharelato e a universidade é moito máis baixa. Isto débese por un igual á influencia dos pais e da situación económica. O futuro destas persoas será traballar en tendas ordenando roupa ou en cadeas de montaxe. Os soldos que han percibir será de menos de mil euros.

A sociedade e mais o goberno deben elaborar plans eficaces para combater o fracaso escolar e implantar un sistema educativo eficaz xa que as anteriores leis e reformas educativas non deron o resultado desexado e tampouco melloraron o ensino.

Juan Pardo Fdez.



Os estudos académicos dos pais teñen, segundo penso, bastante influencia sobre os fillos. Poden facer tanto que un neno triunfe na súa vida académica, abríndolle portas no futuro; como poden dar pé ao fracaso dun rapaz que se verá non só sen saídas, senón coa autoestima polo chan pois tomará o seu fracaso coma unha inxustiza ao ver como outros compañeiros acadaron o éxito sen apenas esforzos nin dificultades.


A chave de que un neno se poida atopar nunha destas dúas situacións é, sen dúbida, a motivación en casa. Está claro que un neno de 6-14 anos vendería sen remorsos os seus libros en troques duns cantos videoxogos. É obvio que a un neno desas idades non se lle pode pedir ou aconsellar que estude (se llo dis, probablemente nin te escoite); cómpre obrigalo, comprobar que estude porque, de non facelo, estará moi lonxe de valorar o estudo. Isto é primordial.

A miña situación familiar serve para confirmar o meu razoamento. Meu pai, con carreira acabada (licenciado en historia), motivoume durante moitos anos a estudar. Lembro como me axudaba a facer esquemas de coñecemento ou a resolver problemas de matemáticas. Pola súa parte, miña nai, que non fixo carreira, tan só podía animarnos a estudar. Sabía que non podía botarnos en cara a nosa falta de interese debido a isto.

Hoxe en día, por problemas familiares, nin meu irmán nin eu podemos dispoñer da axuda de meu pai nin da súa motivación. O que peor o leva, por desgraza, é meu irmán, que vén de principiar a ESO. Pregúntome cal será o seu futuro sen a motivación do pai.

Laura Barbará Vázquez





Moitas estatísticas din que os nenos de pais sen estudos superiores teñen menos posibilidades de acabar unha carreira universitaria ou o bacharelato. Atendendo ao meu caso, como ningún de meus pais teñen estudos universitarios, cústalles máis educarme e inculcarme o costume de estudar porque eles non o fixeron. Isto é algo que ten que vir dende moi neno porque, se non se lle collen costumes de estudo que resultan moi negativos. Nunha casa onde o pai e a nai teñen estudos universitarios é moito máis doado para o fillo xa que dende pequeno adquire o costume de estudar facendo coma seus pais.

David Barroso

Escolarización e clase social

Taxas de alumnos que completan os estudos de secundaria e universitarios segundo a profesión dos pais.

Filios de profesionais:
 Secundaria: 82,98%
 Universidade: 69,10%

Filios de traballadores cualificados:
 Secundaria: 42,59%
 Universitaria: 16,98%

Filios de traballadores agrarios:
 Secundaria: 31,67%
 Universitaria: 6,41%

Filios de traball. non cualificados:
 Secundaria: 16,20%
 Universitaria: 18,98%

A cuestión xa non é unicamente, coma noutras épocas, se a familia pode permitirse ou non pagar os estudos dos fillos. Por veces, o diñeiro pasa a un segundo plano.


Os rapaces con pais avogados, por exemplo, ven nos seus pais un modelo a seguir. "É a ese home que conseguiu tantas cousas ao que teño que imitar". Entrementes, os rapaces afeitos a ver seus pais derreados a cotío polo traballo non consideran que coller un libro sexa a solución para os seus problemas. O que ven é o que lles tocará vivir a eles, sen máis. Pero isto implica un xogo entre ambición e conformismo. As persoas ambiciosas queren ser aluén e a maioría teñen os medios necesarios para acadar a súa fin. Os conformistas, os que aceptan as cousas tal e como as ven, réndense á monotonía da tradición familiar.

Claro está que sempre hai excepcións, pero dado o sistema educativo vixente temos que aceptar que as cousas seguirán como ata agora.

Hai séculos que o ensino perdeu o seu carácter educativo. O ensino clasifica. O que atura anos e miles de horas de estudo, é o que servirá ao sistema para traballar en oficinas, empresas, etc. O outro, o que se aburre pasando doce anos da súa vida sentado durante seis horas diarias diante dos libros, ese é o que servirá limpará despachos e traballará nos supermercados. Un amigo díxome unha vez que o fracaso escolar é indirectamente proporcional á capacidade individual de aturar o aburrimiento.

Se as barreiras sociais seguen vixentes hoxe en día, non é só cousa daqueles que son conformistas, senón máis ben dos intereses do sistema que xa nos "educa" para aceptar que, se nosa nai frega chans, nós nunca chegaremos a ser donos dunha empresa.

Lucía Domínguez.




MATRICULADO NA EUFORIA E LICENCIADO NO DESASTRE

O problema que hoxe teñen moitos mozos é que, despois de estudar, facer cursos, másters e aprender idiomas, non atopan traballo. Son xente moi preparada, pero que non teñen outra que ir de emprego lixo en emprego lixo. Os contratos duran tres meses e logo vólvese á mesma. Como se explica que unha persoa con estudos e arelas de traballar poida pasar anos sen un emprego axeitado? Estas persoas están a perder a súa mocidade e traballan no que sexa para subsistir cando deberían atoparse con empregos dignos nos que esforzarse e mellorar traballando no que lles gusta. Pero tal cousa non é posible por mor da actual crise, na que os empresarios non queren ou non poden contratar máis xente e menos aínda se se trata de persoas que veñen de saír da universidade e só traballaron en oficios que nada teñen que ver cos seus estudos.

Cintia Vázquez

Taxa de paro por nivel de formación.

Analfabetos: 44,14%
 Educ. primaria: 25,91%
 ESO: 23,23%
 Educ. secundaria: 16,89%
 Educ. universitaria: 10,20%
 Doutorados: 2,90%



Hoxe en día hai moitos desempregados e as cifras son maiores se se trata de xente nova sen experiencia. Coido que ten máis posibilidades de atopar traballo unha persoa cun ciclo superior, que alguén cunha licenciatura ou sen ningún estudo á parte da ESO.

Os ciclos superiores son máis prácticos e, ademais, ao haber poucas prazas deste estudos no ensino público, non se satura o mercado. Coñezo a bastantes persoas que conseguiron traballo relativamente pronto despois de facer un ciclo superior. Por outro lado, cunha licenciatura tes opción de conseguir un traballo pagado con tempo e esforzo.

Supoño que coa recuperación económica os licenciados terán máis oportunidades de medrar profesionalmente xa que posúen máis preparación e coñecementos. O ideal sería que estivesen máis valorados no mercado laboral e que se dese saída aos seus coñecementos na economía do país. Pero isto, hoxe en día, non sucede. Cómpre moito esforzo conseguir un bo traballo.

Alexia García Amigo



AS REDES SOCIAIS.



As redes sociais son páxinas webs onde a xente, na súa maioría adolescentes e adultos non moi maiores, introduce información persoal sobre si mesma para deixala exposta. A seguridade é variable xa que podes deixar que todo o mundo vexa o teu perfil ou restrinxila aos teus amigos, aos amigos dos teus amigos ou a ninguén.

Hai moitas e de moi distintos tipos. Algunhas serven para poñer fotos ou só para falar ou xogar ou falar e descargar fotos... As redes sociais máis famosas son o Facebook e mais o Tuenti.

O TUENTI. Nesta rede só podes entrar se algún dos teus amigos, xa en Tuenti, te invita a entrar. Aínda que non pareza presentar moitos inconvenientes esta rede, unha vez dentro todo o mundo pode agregarse como amigo e, se non tes protexido o teu perfil, tamén poden ver a túa información. Aínda sí, non todo son inconvenientes; tamén podes descer fotos e falar cos teus amigos mediante o chat.

FACEBOOK. Podes entrar nesta rede a partir dos catorce anos, pero moitas persoas falsificaban a súa idade (tamén no Tuenti). Facebook é máis perigosa pois calquera pode meterse. Como no Tuenti tamén podes descargar fotos e modificar a túa seguridade. Nesta rede hai xogos con restaurantes, mascotas, hoteis, granxas..., e todo virtual. Tamén hai tests e podes pasar o tempo.

M^a Fernanda Rocha




Nos últimos anos, a rede vénlle comendo moito terreo á televisión. Existen moitos motivos: O descenso do prezo dos ordenadores (sobre todo nos computadores portátiles, máis cómodos). A entrada dos ordenadores no traballo onde, en moitos casos, resulta imprescindible. A mellora dos ordenadores, pois antes o seu sistema non se permitía moito floreo. O avance da tecnoloxía da rede, que converteu internet nun gran bloco informativo. A introdución da televisión (programas, series...) na rede, o que permite prescindir da televisión.

A rede, polo tanto, é moito máis completa cá televisión porque, aínda que en internet existe unha peor calidade de imaxe, tamén hai unha gran variedade de contidos.

A televisión, consciente de que perdía terreo, decidiu unirse á rede creando, por exemplo, páxinas web.

Miguel López Caamaño





Hoxe en día, nun mundo no que a arañeira informática ten capturados millóns de persoas en todos os recunchos do planeta, a mocidade está comezando a súa propia vida paralela a través de internet, un mundo virtual no que todo é factible.

Un asunto que está a aterrorizar as empresas relacionadas co lecer é o feito de que a rede virtual sexa tan terriblemente atractiva para as persoas. A razón disto é a liberdade, o anonimato e mais a interacción.

Internet é libre, un lugar onde podes atopar información de calquera tipo sen censura, algo que polo demais tamén a fai pouco fiable. O feito de que ninguén saiba o nome do informador dálles ás persoas un valor procedente da ausencia de responsabilidade respecto do que se di. Unha persoa pode facer o comentario máis ferinte e inhumano nun blog, ninguén vai ollalo pola rúa con malos ollos. A liberdade é o que fai internet tan atractivo e perigoso.

Daniel Campaña Castro.

CÓMIC





CLUBS DE LECTURA

O CLUB DE lectura do IES Álvaro Cunqueiro denominámolo “ Merlín”, nome que tamén recibe o blog do que dispoñemos. Un nome que nos remite ao mundo máxico dos libros. Somos o Álvaro Cunqueiro e a nosa Miranda está na biblioteca, nos libros, na lectura.

Dispoñemos de dous clubs de lectura, un pensado para os alumnos que funciona en horario lectivo, e outro para toda a comunidade escolar, que se reúne os últimos luns de cada mes, ás 18.30.

A proposta dos libros vai sempre acompañada dunha breve explicación do porqué da elección, de pautas de lectura e dalgúns suxestión que invitan á reflexión e sobre as que se debate nas reunións.

Das actividades realizadas demos conta na memoria que lles foi remitida oportunamente e que tamén presentamos nas I xornadas de clubs de lectura celebradas en Compostela o 25 de xuño.

Este é o 4º curso que levan funcionando os devanditos clubs, cuns resultados moi satisfactorios. O grupo de biblioteca está formado polos mesmos profesores do curso anterior (enviamos fotocopia da documentación remitida o curso pasado). As encargadas de dirixir os clubs de lectura son: Carmen de la Torre (Coordinadora de Biblioteca) e Dolores Casanovas; dos Departamentos de Lingua Galega e Lingua Castelá.

O club de lectura do alumnado (Merlín I) ten 16 membros e ao Club Merlín II asisten 20 membros do resto da comunidade educativa. O profesorado está moi implicado no proxecto. Desde o Grupo de Biblioteca propoñemos as lecturas que se acompañan de guías e cuestións que invitan á reflexión. En ocasións acompañamos a lectura con outras actividades como:

- Proxección e de películas que incidan na temática desenvolvida nos libros propostos como lectura.
- Encontro con escritores.
- Recitais poéticos.
- Visitas a determinados espazos relacionados co tema dos libros propostos para lectura: ruta rosaliana, ruta da Esmorga, Muíños do Folón....

Para difundir as actividades relacionadas cos Clubs dispoñemos de taboleiros e dun blog e da páxina web do centro.

<http://centros.edu.xunta.es/iesalvarocunqueiro/>

<http://merlin.blogaliza.org/>



Club Merlín I

Club Merlín II



A MÚSICA GALEGA NO ALVARO CUNQUEIRO



O Departamento de Música ten claro que o alumnado debe coñecer a música propia e que hoxendía porén, é máis doado acceder ás músicas foráneas, por iso para normalizar esta situación inclúense contidos e metodoloxías que axuden a compensar no posible este desequilibrio potenciado polos medios de comunicación.



Entroido



Profesores da E-Trad có profesor de música do instituto

Algunhas das accións encamiñadas a este obxectivo son:

- Inclusión en cada bloque temático dun apartado sobre a música galega. No material bibliográfico elixido xa se establece así, polo que cancións, audicións ou conxunto instrumental inclúen música tradicional galega.
- Concertos e audicións no instituto : tivemos a inmensa sorte de contar no mes de Marzo cunha actuación dos profesores da E-Trad de Vigo nun concerto didáctico de altísima calidade que degustaron a totalidade do alumnado de música (155 alumnos e alumnas).
- Potenciar outras actividades do ciclo anual : No Magosto apoiamos alumnos e profesores cun concerto espontáneo de música tradicional e facemos o mesmo no Entroido e nas letras galegas.
- Actividades que conecten o idioma galego coa música galega. Como exemplo o alumnado de 4º da Eso C prepara unha presentación audiovisual das cancións que usan a música de Uxío Novoneyra. Outro exemplo é o monográfico que se lle adica en Bacharelato ó compositor galego Reveriano Soutullo Otero.
- Todo isto unido a que as clases de música impártense en galego fai destas clases un elemento potenciador da normalización non só lingüística senón da cultura galega en xeral. Boa falta fai.

Xaime Estévez Vila. Maio 2010

RUTA DE "A ESMORGA"

A ruta realizámola polo casco vello de Ourense en compañía dunha guía que nos explicou a maioría dos lugares que percorreron os protagonistas da novela de Blanco Amor. Durante a explicación perdeuse un tanto o fío da narración debido ás obras que había nalgunhas rúas e ao baixo ton de voz da guía. Cando estivemos nas Burgas chamoume a atención ver xente utilizando as augas para lavar as mans, a cara e mesmo os dentes.

A visita á casa de Otero Pedrayo gustoume moito. O pazo está moi ben coidado. O que máis me abraiou foi a cantidade de libros que había polos cuartos da casa e o xigantesco mapa de Galicia pendurado nunha das paredes do salón.

Creo que esta excursión nos serviu para entender mellor a obra de Blanco Amor, un dos escritores máis importantes da nosa lingua.

Sabela Solla García.

En verdade, o percorrido pola cidade de Ourense non satisfizo as miñas expectativas. Agardaba maiores alusións ás descrições que ofrece Blanco Amor na propia obra, de xeito que puidesemos comparalas coa realidade descrita e, por suposto, coas imaxes creadas na nosa imaxinación, non limitámonos a percorrer a ruta dos tres esmorgantes sen facer máis que ler unhas placas conmemorativas e escoitando a duras penas a explicación da guía, cuxa voz era trasladada a un segundo plano pola intensa contaminación acústica inherente ás cidades contemporáneas.

A visita á casa de don Ramón Otero Pedrayo compensou, sen dúbida, a lixeira insatisfacción causada pola ruta de "A esmorga". A grandísima biblioteca que posuía xunto co impresionante mapa de Galicia e a beleza do seu fogar rendibilizaron plenamente o diñeiro investido, tal que finalmente regresi a Vigo sen un ápice de resignación e con opinións fundamentadas de ambos lugares visitados.

Xabier Rodríguez

En canto baixas do bus ves os catro graos que marcaba o termómetro. Dirixímonos directamente á Praza Maior de Ourense. Demos unha volta e logo comezamos a Ruta que consta de oitos placas que lembran varios lugares de paso dos protagonistas da novela. O percorrido é moi interesante, pero a muller que nos guiaba falaba moi baixo. Ou estabas onda ela ou non oías nada de nada. Fíxome graza que diante dunha das placas asomase un vello a unha ventá para falar de "A esmorga" e do que dicía a placa. Oíase moito mellor o vello cá guía. Aínda que fose interesante, tivemos que percorrer todo o casco vello ourensán en tempo de récord, ata o punto de que estabamos moi cansos e mesmo suando.

Rubén Mahón Cortés.



O TEATRO NO INSTITUTO




O principião

Un aviador aterra en medio do deserto do Sahara e só dispón de auga para uns poucos días. Morrerá sen remedio se non dá reparado o seu avión a tempo. E daquela, en medio daquela soidade, atópase cun ser maravilloso, chegado dun planeta diminuto, o máis melancólico e solitario dos seres, Principiño, que lle conta a súa viaxe a través do universo até chegar ao planeta Terra.

Que atopa na súa viaxe? Personaxes igual de solitarios ca el que, non obstante, viven convencidos de posuír poder, coñecementos ou, simplemente, entregados a traballos absurdos que coidan da maior importancia: un rei, un xeógrafo, un bebedor, un home de negocios, un vaidoso... Cada un deses encontros non fai máis que aumentar a desesperada melancolía do Principiño que, unha vez na Terra, se atopa no medio do Sahara, onde conversando cunha serpe se queixa: “Estou só no deserto”, ao que lle responde a serpe: “Tamén xunto aos homes se está só”.

Visión desesperanzada do soidade do home no mundo, “O principião”, a obra universalmente coñecida de Saint-Exupéry, lémbra-nos aquilo mesmo que moitos outros escritores e filósofos modernos: que o deserto non deixa de medrar ao noso redor.



Xiada

A directora de Aulatalía, o grupo teatral do noso instituto, gaña cada en sabedoría. Advírtese nos seus xestos repousados e no seu tranquilo sorriso. Sabe adaptarse ás características e capacidades do cambiante grupo de actrices que traballan no grupo teatral. E as actrices saben que están en boas mans. Para iso traballa Xiada horas a oito na súa casa, preparando os ensaios e imaxinando a obra; e por iso ten unha solución adecuada en cada momento para resolver calquera problema que se presente, incluído o de compatibilizar os horarios e realizar ensaios cos actrices dispoñibles os días de ensaio, tarefa ardua onde as haxa.

Ningún actor

Víase vir. Os rapaces teñen cousas mellores de que ocuparse (ler prensa deportiva, por exemplo; ou berrar diante dunha pantalla, ou vai ti saber o que). Aprender a moverse, a dominar o xesto, a falar e expresarse non representan un estímulo ou un obxectivo que vaia con eles. Ou é que isto do teatro representa unha vergoña moi grande para eles? Xiada conta que un dos primeiros exercicios (chámanse de “dinámica teatral”) que se realizan durante o curso no grupo de teatro consiste en aprender a perder a vergoña e tamén a rir dun mesmo.



Música e baile

Escóitase polos altofalantes unha voz soul feminina que berra “Freedom, freedom, freedom!”, mentres no escenario as actrices, formando un rombo, bailan marabillosamente. E un pensa que, só por asistir a ese número, xa pagaría a pena non perderse a representación.


Quen é o Principiño?

Todas son o Principiño. Non se ve por ningures a bufanda dourada coa que Saint-Exupéry debuxou o seu personaxe, substituída por unha sinxela coroa, unha coroa que vai de cabeza en cabeza segundo transcorren os episodios da obra. Xiada tiña claro que cumpría que todas as actrices debían sentirse protagonistas da obra. Nada de actrices secundarias aburridas e desincentivadas pola súa escasa presenza sobre o escenario e a brevidade das súas intervencións. Claro que tamén había que premiar as actrices antes aprendían os seus papeis, para estas máis participación e novos papeis.



As actrices. As estrelas.

Porén, sen necesidade de que ninguén a estableza de antemán (non serviría de nada), xorde unha xerarquía no grupo. No grupo hai rapazas que xa veñen con experiencia doutros centros de ensino, como Raquel, Mari ou Xulia, procedentes do “Escultor Acuña”; ou actrices que traballaron no grupo en cursos pasados como Iria ou Cintia. Pero sempre hai individualidades que destacan. Andrea, Luci ou Ana Núñez estarían nese grupo. Non quedaría ben dicir cal é a estrela indiscutible deste grupo, pero todas saben de quen se trata porque, cando empeza a falar, a moverse, a bailar, atrae as olladas do resto. Sexa como for, todas, todas, todas, merecen o noso agradecemento e a nosa felicitación polo seu esforzo e dedicación. E un aplauso a rabiar.




BAC A. Curso 2009-10



2º BAC C. Curso 2009-10



2º BAC B. Curso 2009-10



DÍAS DAS LETRAS GALEGAS.

PRIMEIRO PREMIO DE CONTO

Sen bágoas

E a vida seguiu. Como seguen as cousas que non teñen sentido. Exames, deberes. Saír, quedar, beber, navegar. Eramos dous pozos no medio do deserto, xa non quedaban bágoas para nós. Despois do fin, xa non hai comezo. Pero a vida seguía. A universidade, o cambio de cidade. Os miles de palabras e de xestos que mo lembraban cada día seguiron desaparecendo. Exames, deberes... Vivir. Pero no máis profundo do meu corazón sabía eu que xa nada era coma antes. Audrey apoiábame e comprendíame. A min nada me interesaba. Nada quedaba no meu interior.

Un deses días soleados e perfectos, un deses días en que o chamaría para ir á praia e rir e admirar os corpos das mozas torrándose ao sol. Un deses días en que oír as súas exclamacións en francés me faría rir. Un deses días volví a Vigo Fun á praia. Non había ninguén. Ía frío, estábamos en pleno inverno. As mozas desapareceran e só quedaban na area as pegadas das gaivotas.

E alguén sentou ao meu carón. Non quería mirar, dábame igual. Todo daba igual porque alí non estaba el. Cada vez máis tiña que ollar as súas fotografías para lembralo. O seu sorriso, os seus ollos verdes sempre amables e dispostos. O seu corpo, moreno polo sol e torneado por horas de ximnasio. O seu cabelo louro caéndolle sobre os ombreiros.

- Bótoo de menos.

Ollei á miña esquerda. Ela estaba alí. Viki. Tamén ela, a Hugo.

- Que imos facer? -preguntoume.

Encollín os ombros. Pasei un brazo por riba dos seus. O sol morría por detrás do horizonte. Algunha vez lin que era a lúa quen o mataba, asasina agochada entre as nubes.

Ela sacou algo dun peto. E por fin puido chorar, chorar comigo. Dá rabia pensar que non podes facer nada pola xente á que queres.

Lembro unha fermosa tarde de verán. "Busca o lapis". "Non perdiches ningún lapis, verdade?" "Era unha excusa para facerte calar". "A próxima vez faino mellor". E despois un bico e outro bico. E acabaron na cama. Amor adolescente. Longas conversas, desexos, estrelas fugaces, alcohol. Tumbados na herba mirando a lúa.


"Esa é unha asasina". "Por que?" "Porque mata o sol todas as noites". "Pero é fermosa".

Pero a vida segue. Como seguen as cousas sen sentido. Exames, deberes... Recordar. Recordalo a el, en todo o seu esplendor, antes da cama de hospital. Antes do accidente que nolo roubou.

Peter, espero que esteas véndonos dende aí arriba, cabrón. Espero que esteas rindo de todo isto. Das nosas bágoas, dos nosos desexos. Porque estas son as últimas liñas que escribo. Todo comezou coma un diario e acabou coma a crónica dun estúpido francés que me deu os tres mellores anos da miña vida. O meu mellor amigo.


A túa noiva está aquí chorando Espero que te poñas celoso. Por favor, Peter. Aínda que saiba que é un soño imposible. Algunha vez crín tamén que o eras en vida.

Carmen Zalvide Rodríguez



SEGUNDO PREMIO DE CONTO

Chámome Guillem, teño vinteoito anos e son de Badalona. Quizais aquel cabrón que vai tan ben vestido e que vexo sempre berrando á súa muller non saiba que son licenciado en Belas Artes pola Universidade de Barcelona. O tío sempre me bota unha mirada por riba do ombreiro. Pensará que por durmir nun banco e pasarme o día tirado neste recanto con estas pintas son un cero á esquerda, coma se non existise. E aqueles rapaces, que este sábado volven ao botellón e que só se dedican a lucir as súas motos polo barrio, tampouco saben que dous anos atrás fixen unha viaxe por parte da Península con Jordi, un camarada da CNT. Ao pouco tempo de que eu namorase dunha viguesa, el volveu a Cataluña co coche. A rapaza, Nuria, deixoume uns meses despois. Xa non tiña medios para volver á miña cidade e rematei na rúa convertido nun esmoleiro máis. Diso hai dous anos.




Ao principio durmía nos centros en que, ao prezo de longas esperas, nos deixaban pasar a noite, pero farteime e estaba deprimido. En canto me dixen amigo de Patri, unha ex-adita á heroína e mais de Suso, alcohólico e excelente persoa, xa vagaba solitario pola rúas. Así comezou a miña verdadeira vida de esmoleiro. Ás veces non o pasamos tan mal. Eu tocaba a miña guitarra e cantaba na rúa do Príncipe. Consegua algunhas moedas. Suso contaba moi boas historias que, segundo el, aprendera na rúa.

Faciamos un bo equipo. Mentres un "traballaba" ás portas das igrexas, nas prazas e así, os demais conseguían cartos, roupa, mantas... Cando non tiñamos nada, Patri e mais eu intentabamos que Suso non se pasase co viño, que lle sentaba mal.

Un día de novembro, cando estabamos refuxiándonos da chuvia nun portal, veu cara a nós un home con pinta de obreiro. Pedíunos a manta que nos sobra. "Si, colega; pero con volta", dixo Patri. "Tía, non te alporices -dixo Suso-. Veña, senta aquí conosco".

O home chamábase Gabriel e era ecuatoriano. Casara cunha galega, pero cando o despediran do estaleiro, perdéao todo, incluída a custodia dos fillos.





O que cambiaría definitivamente a miña vida ocorreu unha mañá de xaneiro. Suso acordou enfermo. Deixámolo deitado sobre os cartóns. Gabriel púxose a pedir, e Patri e mais eu fomos buscar medicamentos ao Centro de Saúde. Suso bebera dúas litronas de cervexa que xa vomitara. Aínda tiña pulso, pero estaba frío. Púxenlle por riba a miña chaqueta. O seu rostro empalidecía máis por momentos. Supliquei para que o meu único verdadeiro amigo nesta merda de mundo non morrese. Oín un forte suspiro. Suso abriu os ollos e xa non os pechou. Agarrei nel, abaneino, deille varias labazadas, pero a súa ollada estaba fixa na nada.

Chegou o coche fúnebre, e o meu camarada xa non volveu. Agora, no grupo, cadaquén ía ao seu. Patri desaparecía durante días, e Gabriel vivía obsesionado coa súa aparencia. Un día discutín con Patri ao descubri-la inxectándose heroína e marchou. Ao mes apareceu morta na beira dunha estrada. Con Gabriel nin falaba. Eramos dous mortos viventes. El púxose a repartir publicidade e, máis tarde, co aforrado, regresou ao Ecuador.

Xa non había nada polo que merecese a mágoa vivir. Esta mesma noite pechareime nun caixeiro e abrirei unha bombona de gas butano. Quen lea esta carta e me coñeza, comprenderá por que non volvo á miña cidade. Adeus mundo, fuxo á utopía que sempre desexei.

Luís Toledo

NOVAS DA LINGUA

O NOVO DECRETO DO GALEGO DO PARTIDO POPULAR

Este novo borrador (é o segundo, o primeiro foi retirado logo das mobilizacións na súa contra) titúlase "Bases para a elaboración do decreto de plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia" e fíxose público de xeito covarde durante as últimas vacacións de Nadal para eludir no posible os actos de protesta multitudinarios.

Máis do 70% deste borrador procede literalmente do decreto do galego do bipartito, pero o 30% restante dá un xiro ao uso das linguas na aula.

Principais modificacións.

INFANTIL.

Decreto de 2007: "O profesor usará a lingua materna predominante entre o alumnado. Será determinada polo claustro de acordo cos criterios do proxecto lingüístico".

Novo borrador: "O profesorado usará a lingua materna predominante entre o alumnado. Determinarase preguntándolle a cada familia pola lingua materna do seu fillo. Esta consulta farase mediante unha pregunta que as familias contestarán durante o proceso de preinscrición".



PRIMARIA

Decreto: "...impartíndose obrigatoriamente en galego as áreas de matemáticas, coñecemento do medio e educación para a cidadanía".

Borrador: "Das materias coñecemento do medio e matemáticas, unha impartirase en galego e outra en castelán, segundo a opinión das familias, que será vencellante. Cada centro educativo, a través do seu consello escolar, decidirá a lingua na que se impartirá o resto de materias, establecendo un equilibrio das horas semanais ofertadas en galego, castelán e lingua(s) estranxeira(s)".

ESO

Decreto: "Impartiranse en galego as seguintes materias: ciencias da natureza, ciencias sociais, xeografía e historia, matemáticas e educación para a cidadanía. Cando a materia de ciencias da natureza se desdobre en bioloxía e xeoloxía por un lado e física e química por outro, ambas materias impartiranse en galego".

Borrador: "As materias lingüísticas impartiranse na lingua

de referencia, e as familias decidirán en que lingua oficial se imparten matemáticas e ciencias sociais, opinión que será vencellante. Cada centro educativo, a través do seu consello escolar, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias, establecendo un equilibrio das horas semanais ofertadas en galego, castelán e en lingua(s) estranxeira(s)".

BACHARELATO

Decreto: "O alumnado recibirá polo menos o 50% da súa docencia en galego, nos termos establecidos para esta etapa polo Plan xeral de normalización lingüística".

Borrador: "Cada centro educativo aprobará unha oferta equilibrada de materias comúns, de modalidade optativa, para impartir en galego, castelán e linguas estranxeiras".

Sobre o polémico asunto das "consultas vencellantes ás familias", Anxo Lorenzo, actual director xeral de Política Lingüística, declarou á prensa o seguinte: "A consulta ás familias fai cada catro anos para posibilitar economicamente a viabilidade do proceso e pola necesaria continuidade dos libros de texto". Con posterioridade, por mor das discusións entre diferentes sectores do PP, a Consellería de Educación apuntou a unha futura modificación do borrador no sentido de que as consultas as familias non fosen "vencellantes", senón "orientativas". Xa se verá en que queda todo. A cousa dependerá de por onde sopra o vento do oportunismo electoral. É obvia unha absoluta ausencia de seriedade política.



Polo demais, o borrador preparado polo PP non concreta nin cal será a lingua estranxeira nin cando gozará dun terzo da carga lectiva. Ante a imposibilidade de introducir a curto e medio prazo unha terceira lingua, a Xunta xa recoñeceu que, provisionalmente, haberá un equilibrio (un 50% na práctica) entre materias impartidas en galego e castelán.

BREVE CRONOLOXÍA DO DESPROPÓSITO



Febreiro de 2009

Importantes persoeiros do PP de Galicia (Rueda, Negreira, C. Porro) participan nunha manifestación de Galicia Bilingüe en Santiago na que se esixe educación separada por idiomas. Asisten 5.000 manifestantes.

Marzo de 2009

Durante a campaña electoral, Alberto Núñez Feijoo promete derogar o Decreto do Ensino do bipartito durante os primeiros cen días do seu goberno. Unha vez gañadas as eleccións promete que o fará no curso 2010-2011.

Maio de 2009

O goberno do PP nomea a Anxo Lorenzo, profesor da Universidade de Vigo próximo ao PsdeG e defensor do Decreto do bipartito, Secretario Xeral de Política Lingüística. "Ao presidente deulle unha descarga eléctrica", declara Galicia Bilingüe.



Maio de 2009

O goberno do PP nomea a Anxo Lorenzo, profesor da Universidade de Vigo próximo ao PsdeG e defensor do Decreto do bipartito, Secretario Xeral de Política Lingüística. "Ao presidente deulle unha descarga eléctrica", declara Galicia Bilingüe.

Xuño de 2009

Antonio R. Miranda, número tres do goberno de Feijoo, declara: "O noso partido non coincide con Galicia Bilingüe".

Este mesmo mes a Consellería de Educación realiza unha enquisa sobre o idioma nos centros de ensino dirixida ás familias dos alumnos. En ningún caso se aclara se ten valor vinculante. Apenas ten incidencia nos centros de ensino público.

Tamén este mes 50.000 persoas acoden á unha manifestación en Santiago convocada pola Mesa pola Normalización Lingüística.



Outubro de 2009

O día 19, o colectivo Queremos Galego convoca unha nova manifestación na que participan máis de 50.000 manifestantes. A maior marcha polo galego da historia. Entre os asistentes, Francisco Caamaño, ministro de Xustiza do goberno de Zapatero. "Defendo a miña lingua porque quero que sexa a dos meus fillos", declara.

Decembro de 2010

Núñez Feijoo presenta un novo proxecto de normativa. A estas alturas xa non se mencionan a promesas de elección do idioma escolar que choca coa Constitución, tal e como acredita nunha recente sentenza o Tribunal Supremo que desestimou a demanda presentada polo pai dun alumno de Vigo. Optar por tal modelo equivalería a segregar os nos en función do idioma e multiplicaría as necesidades orzamentarias da administración educativa, obrigada a crear dous sistemas paralelos. Co novo proxecto chega a novidade da introdución do inglés no ensino co obxectivo de crear un sistema trilingüe. De onde sacar os profesores para impartir as clases en inglés?

Xaneiro de 2010

Convócase unha folga no ensino para o día 21 deste mes en contra do proxecto de Núñez Feijoo e reclamando a derogación do decreto. O paro resulta masivo no ensino público. A manifestación de Santiago supera as 50.000 persoas e enche a Praza do Obradoiro.

Dous días antes desta folga, a Consellería de Educación envía unha carta aos profesores declarando que renuncia a esixir-lles un idioma estranxeiro, requisito indispensable para cumprir o seu proxecto de trilingüismo cordial.



La Real Academia censura a Feijóo por “desproteger” la lengua gallega

La institución urge un “acuerdo” para zanjar la lucha “partidaria” por el idioma

Los colegios católicos rechazan el decreto y reclaman más gallego

La principal patronal privada también se opone a que los padres elijan lengua

A Eurocámara rexeita que os pais elixan a lingua escolar

A XUNTA DI QUE A SENTENZA NON “AFECTARÁ” AO NOVO DECRETO E PSOE E BNG CREN QUE CONTRADI A FEIJÓO

O Supremo desbota que os pais decidan sobre o idioma do ensino

Rechaza el recurso de unos padres y ca por buena a postura del Tribunal Superior

El Supremo avala que los niños gallegos no puedan escolarizarse exclusivamente en castellano

Feijóo apoya el acto que pide una opción educativa sólo en castellano

El PP anuncia que suprimirá las galescolas si gana las elecciones del 1 de marzo

El PP reniega ahora de las tesis de Galicia Bilingüe y su sistema educativo

“No puedo duplicar las aulas”, se excusa el presidente electo en la Cope

NOVAS DA LINGUA

Que é galego?

Que é galego? Para a RAE galego refírese a natural de Galicia, idioma oficial dela... Pero tanto para a RAE como para políticos que se din intelectuais, aínda que o sexan pero da mentira e da artimaña, galego significa "tonto", arrastrando tópicos acerca dun pobo tomado á lixeira.

Que é galego? Para a xente de fóra, pero do resto do Estado, Galicia é un lugar onde comer marisco, aldea sen vida. Se un atende, escoita que só sabemos comer e que somos un pouco lentos.

Que é galego? Cando a algúns galegos lles falas da lingua galega torcen o fociño. Comezan a dicir: "Es que no se me da bien hablar en galego", "es que non sé qué normativa seguir" e até se pode sentir en boca dunha nai descontenta: "Es que como a mi hijo le dicen los huesos en gallego me suspende".

Que é galego? Que é para vós? Que é Galicia? Para min galego é cultura, pois nunca está de máis saber unha lingua. E Galicia é o lugar que me acolleu e me deu toda súa cultura e tradición. É fermosura.

Rodrigo Mariño Villar



A controvertida liberdade lingüística

A ambigüidade é un trazo tan característico dos seres humanos e que deu lugar a tantos conflitos, que ás veces ata nos pasa desapercibida confundindo a todos.

O recente decreto da Xunta, tan debatida na actualidade, comete xa de inicio un erro semántico: "Decreto para o plurilingüismo" é un título que todo o mundo consideraría apropiado e positivo para a cooficialidade de ambas as dúas linguas no caso de que non o lesen.



Durante os últimos meses, a Xunta estivo ás voltas co 33% (galego, castelán, inglés), coa segregación nas aulas entre alumnos en galego e en castelán e coa escolta da lingua por parte dos pais. Agora esquece o do 33% (que moitos xa advertían como irrealizable) e Feijóo deixa liberdade de elección aos pais nas materias troncais. Pero, como se decide que linguas son as troncais?

A Carta Europea das linguas rexionais e minoritarias di con respecto ao emprego das linguas na Educación Infantil no seu artigo 8.1: "En materia de ensino, as partes comprométese, no que concerne ao territorio sobre o cal esas linguas son practicadas, segundo a situación de cada unha desas linguas e sen prexuízo do ensino da(s) lingua(s) oficial(s) do Estado: a prever unha educación preescolar asegurada nas linguas rexionais ou minoritarias en cuestión; ou a prever que unha parte substancial da educación preescolar sexa asegurada nas linguas rexionais ou minoritarias en cuestión". Pero o borrador do proxecto do decreto para o plurilingüismo di no seu artigo 5.1: "Na etapa de educación infantil, o profesorado usará na aula a lingua predominante entre o alumnado, se ben deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo". A colisión entre ambos os dous textos é evidente.

Desgrazadamente, este é un problema que nos atinxe a todos e é unha irresponsabilidade pretender preguntarlle aos pais a súa opinión e deixar que eles sexan os que decidan sobre a lingua na que queiran estudar os seus fillos. A asimilación dunha lingua como propia é vital durante os primeiros anos da infancia, xa que moitos pais elixirían o castelán como lingua de ensino. Isto botaría por terra calquera esperanza de recuperar a lingua galega.

En que Estado democrático se viu isto antes? Que perseguen? Que nos volvamos "analfabetos retroactivos", sen saber falar ben ningunha das linguas? Como dicía Castelao: "Se aínda somos galegos é por obra e graza do idioma".

Antía Fernández

O neno que fala, falaba, galego

Hoxe contoume miña irmá: "Hai un novo rapaz na miña clase. É de Betanzos e fala galego". E respóndolle: "Ah, si? Que ben! E vós faládeslle en galego tamén?" "Non, todos nós falamos castelán". Conclusión: o rapaz en pouco tempo deixará de fala a súa lingua e pasará a formar parte dos 26.954 galegofalantes que se perden ao ano.

Home, tampouco hai que ser maniqueísta. Como sempre, isto ten certas razóns sociais, que quedan moi ben reflectidas nos máis pequenos, xa que son os máis vulnerables. Tales razóns son diversas e ben coñecidas. Os pais diríxense aos seus fillos en castelán, malia que falen entre eles en galego. Os prexuízos do estilo "a mi el gallego no se me da bien" ou "es una lengua de aldeanos y radicales". A imposición mediática do castelán, xa que só unha cadea, a TVG e a súa segunda canle, emiten a súa programación en galego, a inexistencia de xornais diarios en galego, etc. Pero hai unha razón que coido que é a pedra angular no camiño normalizador da lingua: o ensino.

A normativa actual decreta que as clases se deben impartir metade en galego, metade en castelán. Na miña clase só se imparte en galego a materia de lingua galega (este é o mundo segundo ano no instituto e a situación non mudou). Non teño a intención de culpar a ninguén en concreto porque non sería doado obrigar a un profesor foráneo a que imparta incomodamente as súas clases, pero non sei onde estaría a complicación en que se dividisen as materias en galego entre os profesores (habería moito do que preocuparse se de doce docentes non saben seis falar a lingua do país onde viven).

Por outra banda, a situación do galego no ensino non vai mudar ate que o goberno non se compromete sinceramente coa lingua. Namentres a clase política dirixente denuncie unha



suposta "imposición do galego" (que eu saiba a lingua imposta e foránea é o castelán) e ameace con decretos "amablingüistas", o galego será sempre unha lingua de segunda e, seguramente, o novo compañeiro de miña irmá, coma moitos rapaces galegos, pasará a falar castelán e a nosa lingua estará cada día algo máis morta.

Luís Toledo

EXPOSICIÓN DE SELOS

PIERRE FERMAT (1601-1665)

Foi un dos grandes xenios da cultura francesa e un dos matemáticos máis eximios de todos os tempos. Interveu de forma significativa en xeometría clásica, xeometría analítica, cálculo diferencial e integral, probabilidade e teoría de números. Fermat posuía un prodixioso saber sobre a matemática grega. Contribuíu ao nacemento e desenvolvemento da teoría de números, onde o seu nome vai asociado a un dos máis famosos problemas da matemática, recentemente resolto, o Teorema de Fermat. Plasmou nalgúns manuscritos só unha parte dos seus xeniais descubrimentos e talvez por modestia ou por non converter unha apaixonada afección en profesión - era xurista -, refusou publicar. O esencial da súa obra está na súa inesgotable correspondencia cos científicos coetáneos. É case lendario que Fermat escribía as súas observacións e achados nas marxes dos libros da súa magnífica biblioteca de obras da matemática grega onde atopaba a inspiración das súas ideas.



BÁRBARA McCLINTOCK (1902-1992)

Investigadora estadounidense que descubriu os elementos transpoñibles, fragmentos de ADN capaces de moverse no xenoma. Por isto recibiu o premio Nobel de 1983. O debuxo do selo emitido por EEUU en 2005 é un esquema dun deses elementos transpoñibles e aparece a palabra "xenetista" en alusión á súa profesión.

Bárbara McClintock e Harriet B. Creighton, xenetistas e botánicas, demostraron experimentalmente en 1931 traballando coa planta de millo *Zea mays* a correlación entre a recombinación xenética e o entrecruzamento de cromosomas que sucede durante a meiose.

Bande dessinée en français. ASTÉRIX.

René Goscinny (1926-1978), dessinateur et auteur de bandes dessinées en français, c'est le père, avec Uderzo, d'Astérix.


Personnages: Astérix le gaulois fait sa première apparition dans le magazine Pilote en 1959. Le première numéro indépendant de cet héros de l'humour et ses amis est apparu en 1961. Il a servi pour présenter à Astérix, le puissant Obélix, le druide Panoramix et le romain Caius Bonus, qui cherchait la formule de super force pour conquister Rome.



O ENTROIDO NO IES 'ALVARO CUNQUEIRO'



PREMIOS DO DÍA DO LIBRO



Mi existencia

Hoy me he despertado sumido en la confusión. Extrañas imágenes me invadieron mientras dormía. Ahora me dispongo a escribir mis últimas palabras en vida.

Veo verdes campos, jovialidad, belleza y alegría; yo, correteando por entre las bellas flores primaverales. Mi padre me abraza y me relata sus memorias infantiles. Mi madre... Oh, mi madre! Allí se encontraba, joven, lozana, con sus prendas veraniegas y su bello cuello al viento. Me lanzaba besos a distancia.

También recuerdo como la oscuridad reemplazó a la blanca luz que me iluminaba por entonces. Mi padre, enajenado y sin empleo, que llegaba ebrio a casa y no sólo de alcohol. Se lo recriminaba mi madre. Fuertes gritos divagan por mi mente. Unha traición, una deslealtad. Insignificancia al ver a mi madre yaciendo en el suelo, ensangrentada la cara.

Mi padre, sin derramar unha sola lágrima, impertérrito. La paz que había caracterizado mi infancia había sido sustituida por un incipiente sentimiento de venganza. Huye mi padre, mientras mi madre permanece inmóvil en el suelo.

Un completo fracaso, mi adolescencia. Un único pensamiento: vengarme de mi padre. Y en medio de la borrosidad, unos rayos de luz. Conocí a mi chica y futura esposa, a la que continúo amando pese a su durísima enfermedad. A su lado, momentos gloriosos mezclados con el recuerdo de mi querida madre.

Me había incorporado al mundo laboral. En cierta ocasión me atreví a pedir un ascenso ante el elevado costo del tratamiento para mi esposa. Entonces mi jefe firmó la carta de despido reclinándose, lleno de opulencia, en su silla de oficina.

Había perdido mi identidad. Deambulaba por las calles. Decidí adentrarme en un sombrío figón de mi ciudad. Mi irrupción acalló las voces. Me dirigí al tabernero y pedí unha cerveza fría.

Uno de los caballeros se dirigió a mí. "Su cara me resulta conocida... "Apuesto a que le he visto -le contesté-, pero hay algo en usted que me rehúye". "Hábleme un poco de usted -dijo el- y nos cercioramos si nos hemos visto con anterioridad".

Procedí a contar un par de detalles de mi vida. El me replicó describiéndome una vida de éxitos, grandes beneficios empresariales, mujer ejemplar e hijos inteligentes. El diálogo era fluido, pero hubo un momento en que el hombre se impacientó ligeramente; fue cuando narré la infausta historia de mi juventud. Al citar a mi querida progenitora, su actitud cambió drásticamente. Se irguió y pagó las consumiciones de todos cuantos estaban en el bar. Tras una fría despedida, abandonó el lugar con paso apresurado.

De pronto noté mi mente en blanco y una única imagen fija en ella: mi madre sobre las frías y ensangrentadas baldosas de mi hogar. Obedeciendo a una suerte de impulso animal, salté corriendo de la taberna, completamente descontrolado, tras el hombre que huía. Corría. Sólo quería asesinar a aquel vividor. Exigía mi venganza y la de mi madre.

Lo alcancé. Me abalancé sobre él y lo arrojé al suelo. Me ensañé como nunca antes. Recuerdo que todo acabó con un fuerte dolor en el pecho y un home abrigado y fumando que me esposaba y un sueño que me resultó eterno.

Encerrado en estas cuatro paredes, escribo mi propia pesadilla. Inminente es mi muerte, como injusto castigo por un acto que cualquier otro hombre habría hecho en mi situación. Es por eso por lo que estoy deseando abandonarlo todo.

Incapaz de distinguir el bien del mal, es innegable la futilidade de mi existencia.

Xabier Rodríguez Martínez



PREMIOS DO DÍA DO LIBRO



Si quieres conocerme, debes conocer mis miedos.
 Mi miedo es pensarte y saber que no te tengo,
 Recordar aquellas tardes ansiosas de deseos,
 Deseos que se pierden en mis ojos traicioneros.
 Juré no olvidarte y juro no haberlo hecho,
 Te imagino cada noche en la cama de otros besos,
 Como siempre yo a tu lado, como siempre tú tan
 lejos,
 Ignorando las llamadas que te gritan mis silencios.
 Una vida esperando es perdernos mil momentos,
 Cenizas que viajan por donde viaja el viento,
 Recorriendo los lugares que creímos que eran
 nuestros,
 Y ahora son sumisos al gran poder del tiempo.
 Sin poder hacer nada, impotente ante tu cuerpo,
 Abandono aquella vida que me ataba a tu recuerdo,
 Si quieres conocerme, conoce antes mis miedos,
 El miedo de perderte, de saber que aún te quiero.



Miriam Arcos Castro.

ACTIVIDADES NO INSTITUTO



Departamento de lingua castelá

- Visitas a medios de comunicación: Localía, Faro de Vigo, La Voz de Galicia.
- Recital poético a cargo de F. Gomis.
- Representación teatral sobre a Xeración do 27.
- DÍA DO LIBRO: ao longo do mes de abril realizáronse concursos de carteis, relato e poesía alusivos ao tema do "Quixote".



Departamento de lingua inglesa

- Organización de varias representacións teatrais. As obras en inglés estiveron dirixidas, por unha parte, aos alumnos de 3º e 4º de ESO e, pola outra, aos cursos de bacharelato. A temporada iniciouse con "Food for Thought" (para ESO) no mes de novembro. No 2º trimestre representouse Clever Cupid -éxito asegurado- para bacharelato. Por último, "Going Underground", representada hai ben pouco.
- Organizouse unha amena e instrutiva charla sobre cultura británica para os alumnos de bacharelato.
- O departamento de inglés tamén participou nunha viaxe a Londres organizada polo Departamento de Linguas Clásicas en xaneiro.



ACTIVIDADES NO INSTITUTO

Departamento de Bioloxía-Xeoloxía.

Realizouse o mes de marzo unha actividade coa finalidade de observar o entorno natural de Vigo, concretamente na zona da Universidade. A actividade participaron alumnos de 2º de bacharelato das materias de bioloxía e Ciencias da Terra e do Medio Ambiente.

Viaxes

- Viaxe a San Isidro, onde os rapaces de 1º, 2º e 3º de ESO puideron gozar dunha semana na neve realizando prácticas de esquí.
- Viaxe a Londres, organizada polo Departamento de Clásicas. Viaxaron cos alumnos as profesoras Francisca Gómez e Antonia Tato. O obxectivo, contemplar e estudar as esculturas do Partenón do Museo Británico.



Orientación educativa

- Estudo antropométrico da Consellería de Educación en colaboración coa de Sanidade. Finalidade: detectar e tratar de controlar problemas de obesidade.
- Charlas de orientación académica organizadas polo Departamento de Orientación. Finalidade: aclarar dúbidas á hora de elixir materias e itinerarios para o próximo curso e tamén para dar a coñecer saídas profesionais.
- Charlas de orientación xuvenil, organizadas polo Concello de Vigo en colaboración co Departamento de Orientación. Dirixidas aos alumnos de 4º de ESO.

Actividades do tempo de recreo

- Xadrez, coordinada polo profesor Alfonso Guillán. Durante os meses de maio e xuño haberá liga de todos contra todos con premios por categorías.
- Actividades deportivas que coordina Telmo Silva: minivoleibol, badminton, baloncesto 3x3.

Festas e celebracións

- Novembro: Magosto.
- Entroido de alumnos e profesores.
- 8 de marzo: Día Internacional da Muller.
- 22 de marzo: Día Mundial da Auga. Celebrouse unha carreira con alumnos de 1º e 2º de ESO para recadar cartos cos que axudar a construír plantas potabilizadoras en Nixer.
- Abril: Día do Libro.
- Maio: Día das Letras Galegas.



Concursos e premios

- A nosa alumna Paula Abalde Millares (1º de bach.) recibiu o premio extraordinario ao esforzo.
- O Club Náutico de Vigo seleccionou a varios dos nosos alumnos para a final na súa actividade de remoergómetro.
- Alumnos do noso centro seleccionados para participar na XII edición das Olimpíadas de Matemáticas para 2º de ESO: Juan Arca, Pedro Arias, Carme Carrasco, Sunil López, Brais Sobrido e Laura López.



Blog do instituto:
www.merlin.blogaliza.org

Web do instituto:
http://centros.edu.xunta.es/ies_alvarocunqueiro



maio 2010 IBS Alvaro Conqueiro

O Trabno



TRABNO

MAIO

2010

I.B.S. ALVARO CONQUEIRO

TRASNOMÁID 2010



IES ÁLVARO
CUNQUEIRO